

Actividade preferida:

A actividade que me pareceu a mellor de todas as que fixemos foi o día que fomos a Falmer Hight School. A continuación vou enumerar as razóns pola cales considero esta actividade a mellor de todas:

- 1-Foi un dos poucos días no que puidemos ver a todos os nosos compañeiros ingleses, e aínda que non estivemos con todos eles en clase puidemos falar con eles nos recreos, cousa que non puidemos facer o resto dos días.
- 2-Puidemos ver como é un instituto inglés, a súa organización interna, e as diferenzas que hai en comparación cun instituto galego.
- 3-Fixemos actividades moi amenas; música, cociña, drama, baile, informática e actividades extraescolares (a elixir entre baloncesto, street dance ou ximnasia).
- 4-Foi un gran día para por en práctica o noso inglés, porque tivemos que comunicarnos con compañeiros, profesores, etc.
- 5-Ao rematar as clases tivemos a oportunidade de compartir cos nosos compañeiros unha actividade extraescolar, onde todos o pasamos moi ben.

Actividade que non me gustou:

A actividade que, na miña opinión, foi a peor foi o día que fomos a xogar ao críquet, porque:

- a)Pareceume un xogo aburrido, non nos explicaron de todo ben as regras.
- b)Non nos explicaron a forma de contar os puntos, polo tanto non sabiamos quen gañaba, nin como se gañaba.

Puntuar as actividades de 1 a 10

1-Un día en Falmer School- nota 8.

-Gustoume polos motivos que comentei antes.

2-Stammer Park- nota 9.

-Gustoume por poder xogar a un deporte de equipo cos compañeiros ingleses, ver a zona de Stammer Park, que é moi bonito ademais acompañounos o tempo. Tamén me gustou o pícnic, a comida...

3-Mrs Hoover- nota 10.

-Para min foi unha das mellores actividades porque pasámolo moi ben, divertímonos, aprendimos inglés, etc.

4-Voley Praia- nota 10.

-Foi un gran día porque pasámolo moi ben, e ademais o tempo foi sorprendente porque estivo chovendo todo o día e parou xusto á hora de xogar

5-Seven Sisters- nota 8.

-Non lle din un 10 polo tempo, que foi pésimo pola chuvia e o vento. Pero encantoume a preciosa área natural de Seven Sisters, e ademais o feito da chuvia dáballo un toque diferente á zona.

Valoración de outro tipo de actividades que me habería gustado facer alí

Haberíame gustado pasar máis tempo cos nosos compañeiros ingleses, logo gustáronme todas as actividades, e non se me ocorren outras actividades que puideramos facer alí.

Actividade que máis e que menos che gustou. Puntuación .

A actividade preferida foi o día que fomos a Lugo porque, paseamos pola muralla, e tivemos moito tempo libre. Ademais fixo un día marabilloso.

A actividade que menos me gustou foi o día que viñeron ás clases, porque só estivemos con nosos compañeiros en clase de Ximnasia, e gustaríame poder estar con eles noutras clases, como nós fixemos en Brighton.

Puntuación das actividades en Galicia:

- O día na Costa: 7
- O día en Lugo: 8
- Presentación no colexio 7
- Paseo por Brión 6.
- Catedral: 7
- Festa de despedida- 9

VALORACIÓN DA ESTANCIA DOS INGLESES NAS FAMILIAS:

Pareceume que a estancia dos ingleses nas nosas casas foi positiva polos seguintes motivos:

- Tivémonos que defender en inglés, porque non entendían outro idioma, en consecuencia melloramos o noso “speaking”.
- Foi unha moi boa oportunidade para coñecer outra cultura, outra forma de vivir, etc.
- Fixen amizade con varios ingleses/as.

O malo foi que había que estar pendientes deles practicamente as 24 horas do día.

AUTOVALORACIÓN:

Neste intercambio creo que mellorei moito na miña fluidez á hora de falar inglés, porque non me quedaba outro remedio para comunicarme co meu compañeiro inglés.

O meu comportamento durante todo o intercambio creo que foi bo, con boa actitude para facer as actividades, etc.

PAPEL QUE TIVERON OS PROFESORES:

Desde o meu punto de vista, os profesores estiveron ben. Traballaron moi duro para para que todo saíse ben, tanto en Galicia como en Inglaterra. En Inglaterra deixáronnos moita liberdade, pero tamén nos reñiron cando o tiveron que facer. Na miña opinión portáronse moi ben connosco.

VALORACIÓN XERAL:

En xeral a experiencia do intercambio foi positiva, porque mellorei o meu inglés, coñecín a cultura inglesa, coñecín as cidades de Londres e Brighton. E ademais paseino moi ben tanto en Galicia coma en Inglaterra. Sen dúbida volvería a repetir a experiencia, e recoméndolla a todo o mundo que queira aprender inglés porque é a mellor forma de facelo.

